

DEMOCRACIA



Cada cinco anos, os cidadáns da Unión elixen directamente os seus representantes no Parlamento Europeo. As vindeiras eleccións celebraranse no 2024.



EUROPE@SCHOOL

DEMOCRACIA



Os cidadáns que viven noutro país da Unión teñen dereito a votar ou a seren elixidos nas eleccións municipais e nas eleccións europeas no lugar onde residen. Por exemplo, unha grega que vive en Berlín pode ser elixida alcaldesa da cidade.



EUROPE@SCHOOL

DEMOCRACIA



Iniciativa Cidadá Europea: se un millón de cidadáns de polo menos sete países distintos asinan unha petición, pódennlle pedir á Comisión Europea que presente unha proposta lexislativa.



EUROPE@SCHOOL

DEMOCRACIA



O Parlamento Europeo participa en misións de observación electoral en países fóra da Unión para promover eleccións libres e imparciais; por exemplo, en Exipto ou Ucraína.



EUROPE@SCHOOL

LIBERDADE



Os cidadáns europeos poden viaxar libremente por toda a Unión.



EUROPE@SCHOOL

LIBERDADE



As empresas non teñen dereito a recompilar datos persoais, agás en estritas condicións. É o noso dereito á privacidade e á protección de datos.



EUROPE@SCHOOL

LIBERDADE



Os cidadáns da Unión teñen liberdade para traballar en calquera Estado membro sen necesidade dun permiso de traballo.



EUROPE@SCHOOL

LIBERDADE



Na Unión podes expresar a túa opinión sen temor a que te metan preso. É a nosa liberdade de expresión. Só se prohibe á incitación ao odio, que apela a facerlles dano a outras persoas ou grupos de persoas.



EUROPE@SCHOOL

SOLIDARIEDADE



As rexións menos ricas da Unión reciben axuda económica adicional.



EUROPE@SCHOOL

SOLIDARIEDADE



© Antonio Gravante

Os Estados membros da Unión acordaron axudarse mutuamente se un deles sofre un ataque terrorista ou é vítima dunha catástrofe natural ou de orixe humana. Esta cláusula utilizouse por primeira vez tras os ataques de París do 2015.

EUROPE@SCHOOL



SOLIDARIEDADE



O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización axuda ás persoas a atopar un novo traballo ou a recibir formación laboral se perderon o seu traballo debido á globalización; por exemplo, se a empresa se trasladou a un país de salarios baixos.

EUROPE@SCHOOL



SOLIDARIEDADE



© European Union, 2014 – Source: EC

A Unión e os seus Estados membros en conxunto son o maior doante do mundo en axuda ao desenvolvemento.

EUROPE@SCHOOL



IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN



Os cidadáns da Unión que estudan noutro Estado membro pagan as mesmas taxas académicas que os estudantes dese país. Por exemplo, un estudante italiano que estuda en París paga exactamente as mesmas taxas que os cidadáns franceses.

EUROPE@SCHOOL



IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN



Cando nace ou se adopta un neno, tanto a nai coma o pai teñen dereito a polo menos catro meses de permiso para coidar del.

EUROPE@SCHOOL



IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN



Na Unión protéxese aos cidadáns contra a denegación dun traballo ou o despedimento por mor da súa orientación sexual.

EUROPE@SCHOOL



IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN



© European Union 2020 – Source: EP

Todos os anos, o Parlamento Europeo pon de relevo e celebra o Día Internacional da Muller (8 de marzo) para fomentar a igualdade de xénero.

EUROPE@SCHOOL



ESTADO DE DEREITO E XUSTIZA



© European Union 2017 – Source: EP

Todas as vítimas e sospeitosos teñen dereito a un xuízo imparcial. Todos os sospeitosos son inocentes ata que se demostre a súa culpabilidade nun tribunal.

EUROPE@SCHOOL



ESTADO DE DEREITO E XUSTIZA



Débase informar as vítimas e aos sospeitosos dun delito ou accidente sobre os procedementos xudiciais nun idioma que entendan. Este servizo págao o Estado membro no que se celebra o xuízo.

EUROPE@SCHOOL



ESTADO DE DEREITO E XUSTIZA



Os Estados membros da Unión que non respecten o Estado de Dereito poden recibir unha advertencia, unha sanción, ou ser excluídos temporalmente da toma de decisións da Unión.

EUROPE@SCHOOL



ESTADO DE DEREITO E XUSTIZA



Os Estados membros da Unión teñen que respectar as normativas da Unión. Ao contrario, poden ser xulgados polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

EUROPE@SCHOOL



RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS



O Parlamento Europeo outorga o Premio Sakharov a persoas de todo o mundo que realizan unha contribución excepcional á defensa dos dereitos humanos.

EUROPE@SCHOOL



RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS



A Unión ten un representante especial para os Dereitos Humanos. A súa función consiste en mellorar a política de dereitos humanos da Unión no estranxeiro.

EUROPE@SCHOOL



RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS



© European Union 2017 – Source: EP

Unha vez ao mes, o Parlamento Europeo debate sobre violacións flagrantes dos dereitos humanos cometidas en todo o mundo. Deste xeito, atrae a atención sobre os abusos cometidos contra os dereitos humanos.

EUROPE@SCHOOL



RESPECTO DOS DEREITOS HUMANOS



Todos os Estados membros da Unión deben asinar e respectar o Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

EUROPE@SCHOOL



TOLERANCIA E PLURALISMO



Es libre de profesar ou cambiar a túa relixión ou crenzas.

EUROPE@SCHOOL



TOLERANCIA E PLURALISMO



A Unión apoiou un proxecto no que xornalistas romanís e non romanís realizaron 25 curtametraxes sobre as comunidades desta etnia. O proxecto tiña como obxectivo abordar os estereotipos que inflúen na percepción pública a través dos medios que informan sobre a poboación romaní.

EUROPE@SCHOOL



TOLERANCIA E PLURALISMO



Os Estados membros da Unión deben loitar contra a incitación ao odio baseada na raza, o sexo, a relixión ou a nacionalidade nos programas de televisión.

EUROPE@SCHOOL



TOLERANCIA E PLURALISMO



Os medios de comunicación deben presentar a sociedade en todas as súas dimensións. O Media Pluralism Monitor da Unión comproba que sexa así.



EUROPE@SCHOOL

RESPECTO DA DIGNIDADE HUMANA



A pena de morte está prohibida en todos os países da Unión.



EUROPE@SCHOOL

RESPECTO DA DIGNIDADE HUMANA



A tortura está prohibida en todos os países da Unión.



EUROPE@SCHOOL

RESPECTO DA DIGNIDADE HUMANA



Todos os solicitantes de asilo na Unión teñen dereito a aloxamento, alimentos e servizos sanitarios namentres está pendente a súa solicitude de asilo.



EUROPE@SCHOOL

RESPECTO DA DIGNIDADE HUMANA



O traballo infantil, a escravitude e a explotación laboral están prohibidos na Unión.



EUROPE@SCHOOL



Tes liberdade para expresar a túa opinión na Unión, pero a incitación ao odio non está permitida.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



Só podes traballar noutro país da Unión se tes un permiso de traballo.

FALSO

Todos os cidadáns da Unión teñen liberdade para traballar en calquera país membro sen necesidade dun permiso de traballo.

EUROPE@SCHOOL



As empresas poden recompilar os nosos datos sen o noso permiso.

FALSO

As empresas non teñen dereito a recompilar datos persoais, agás en estritas condicións.

EUROPE@SCHOOL



Os cidadáns europeos poden viaxar libremente por toda a Unión.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



Non hai eleccións directas ás institucións da Unión Europea.

FALSO

Dende 1979, os cidadáns europeos elixen un novo Parlamento Europeo de forma directa unha vez cada cinco anos.

EUROPE@SCHOOL



Os cidadáns europeos non poden propoñer novos actos legislativos a nivel da UE.

FALSO

Coa Iniciativa Cidadá Europea, os cidadáns europeos pódennlle pedir á Comisión Europea que elabore novas leis.

EUROPE@SCHOOL



Como cidadán da Unión que vive noutro país desta última, tes dereito a votar ou a ser elixido ao Parlamento Europeo no lugar onde resides.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



O Parlamento Europeo observa eleccións en países fóra da Unión para promover eleccións libres e imparciais.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



Na Unión Europea non hai normas sobre o permiso parental.

FALSO

A UE garante polo menos catro meses de permiso parental para cada pai ou nai.

EUROPE@SCHOOL



Na Unión protéxese aos cidadáns contra a denegación dun traballo ou o despedimento pola súa orientación sexual.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Débase informar as vítimas dun delito ou accidente sobre o procedemento xudicial nun idioma que entendan. Os sospeitosos non teñen ese dereito.

FALSO

Tanto as vítimas como os sospeitosos teñen dereito a ser informados nun idioma que entendan.

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Se un cidadán da Unión estuda noutro país desta última, paga un 10 % adicional en comparación cun estudante nacional.

FALSO

Os cidadáns da Unión pagan as mesmas taxas académicas que os estudantes nacionais.

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Se un Estado membro vulnera os dereitos fundamentais da Unión, será expulsado desta última.

FALSO

O país pode recibir unha advertencia, unha sanción, ou ser excluído temporalmente da toma de decisións da Unión.

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Todas as vítimas e sospeitosos teñen dereito a un xuízo imparcial.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

A Unión e os seus Estados membros son o segundo maior doante do mundo en axuda ao desenvolvemento, despois dos Estados Unidos.

FALSO

Xuntos, son o maior doante do mundo en axuda ao desenvolvemento.

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

As rexións menos ricas da Unión reciben axuda económica adicional.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Se se comete un ataque terrorista nun dos Estados membros da Unión, os outros membros axudarán ao país afectado.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización da UE axuda ás empresas que teñan unha sede en, polo menos, un dos Estados membros da UE.

FALSO

Este Fondo axuda ás persoas a atopar un novo traballo se perderon o antigo debido á globalización; por exemplo, se a empresa se trasladou a un país de salarios baixos.

VERDADEIRO
FALSO

O Media Pluralism Monitor comproba que os medios de comunicación da Unión mostren a sociedade en todas as súas dimensións.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

VERDADEIRO
FALSO

Na UE non é posible cambiar de relixión.

FALSO

Podes profesar ou cambiar a túa relixión ou crenzas.

EUROPE@SCHOOL



A incitación ao odio en programas de televisión acéptase nalgúns países da Unión.

FALSO

A incitación ao odio por motivo de raza, sexo, relixión ou nacionalidade debe combaterse nos programas de televisión de todos os Estados membros da Unión.



Todos os solicitantes de asilo na Unión teñen dereito a aloxamento, alimentos e servizos sanitarios durante o seu procedemento de asilo.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



Nalgúns países da Unión aínda se permite a pena de morte.

FALSO

A pena de morte está prohibida en todos os países da Unión.

EUROPE@SCHOOL



Se un Estado membro incumpre as leis da Unión, pode ser condenado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



A tortura está prohibida en todos os países da Unión.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



O traballo infantil non é desexable, pero aínda se permite nalgúns países da Unión.

FALSO

O traballo infantil está prohibido en todos os Estados membros da Unión.

EUROPE@SCHOOL



Todos os Estados membros da Unión tiveron que asinar o Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL



O Parlamento Europeo só celebra debates sobre as violacións dos dereitos humanos que se producen na Unión Europea.

FALSO

O Parlamento Europeo debate sobre as violacións dos dereitos humanos que se producen en todo o mundo.

EUROPE@SCHOOL



O Premio Sakharov concédeselles a persoas que promoven a cooperación europea.

FALSO

O Premio Sakharov concédeselles a persoas que defenden os dereitos humanos.

EUROPE@SCHOOL



A Unión ten un representante especial para os Dereitos Humanos.

VERDADEIRO

EUROPE@SCHOOL

«MAPA DE VALORES PERSOAL»

Valores	As miñas ideas?	Prioridade para a Unión?
Democracia 	Un sistema de goberno do pobo , normalmente a través de representantes elixidos.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Liberdade 	Somos libres para actuar, falar ou pensar como queiramos. A liberdade é tamén o estado de non estar preso ou escravizado.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Solidariedade 	Todos estamos interrelacionados e somos responsables os uns dos outros. A solidariedade é o apoio mutuo dentro dun grupo.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Igualdade 	Todo o mundo é igual en status, dereitos (ante a lei) e oportunidades.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Xustiza e Estado de Dereito 	Todas as persoas e institucións están suxeitas a leis claras e xustas que se aplican e se fan cumprir de modo imparcial e deben responder ante elas.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Respecto dos dereitos humanos 	Os dereitos humanos son os dereitos e liberdades básicos de todas as persoas do mundo. Sempre se deben respectar e protexer.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Tolerancia e pluralismo 	Aceptamos e respectamos a existencia de opinións e comportamentos diversos na sociedade , incluídos os que non nos gustan ou cos que non estamos de acordo.	DE ACORDO / EN DESACORDO
Respecto da dignidade humana 	Sempre se debe respectar a integridade física e psicolóxica das persoas.	DE ACORDO / EN DESACORDO